

CONTRATO DE ARRENDAMENTO DUN LOCAL PARA UBICACIÓN DO OBRADOIRO DE HOSTALERÍA DO SALNÉS.**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN: 07-09-2022**

Reunidos nas oficinas da Mancomunidade do Salnés, o día 7 de setembro ás 11,00 horas, constitúese a Mesa de Contratación para a apertura dos sobres A e B do contrato, por procedemento aberto, de arrendamento dun local para ubicación do Obradoiro de Hostalería do Salnés.

A composición da mesa é a seguinte:

Presidente da mesa	Ramón García Guinarte
Secretaria da Mesa	M ^a del Carmen Merino Moína
Secretaria-Interventora (Vogal)	M ^a del Carmen Merino Moína
Técnico Mancomunidade (Vogal)	Ana M ^a Balsa Álvarez
Técnico Mancomunidade (Vogal)	Eva Piñón Montero
Técnico Mancomunidade (Vogal)	Jared Villaverde Dios

I. APERTURA DE SOBRE “A”

Procédese á cualificación previa dos documentos presentados en tempo e forma, ordenando á Presidencia a apertura do sobre “A” (declaración responsable).

A Presidencia acorda proceder a examinar formalmente a documentación presentada no prazo establecido, dando fe a Secretaria da relación de documentos que figuran.

A mesa de contratación declara admitida a proposición formulada pola seguinte persoa física:

Data presentación	NIF	Licitador
26/08/2022 18:17:37	35242022L	TERESA REYES MARTINEZ

II. APERTURA DE SOBRE “B”. VALORACIÓN DA OFERTA E INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR

Vista a cláusula 7.d. do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que di:

“SOBRE B: DOCUMENTO CORRESPONDENTE Á PROPOSTA AVALIABLE MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR

Este sobre conterá os seguintes documentos:

- 1) Plano de Situación a escala 1:75 acoutado, co nome da rúa na que se sitúa o local, nº de edificio e planta ocupada.*
- 2) Plano de planta 1:75 acoutado, con detalle da superficie construída/útil.*
- 3) Memoria e planos de localización de acometidas de todas as instalacións.*
- 4) Memoria explicativa das características xerais do local para arrendar, debendo cumprir cos requisitos mínimos esixidos no prego técnico.*

Notas importantes:

Non se valorarán os puntos engadidos pola/o contratista que non se adapten recollidos na oferta indicada por este prego, ou no caso de que se estableza límites de páxinas, as partes da oferta que superen este límite.

Na documentación que se presente no sobre B non se poderá incluír ningún dato que permita intuír a proposta presentada nos criterios avaliábeis de xeito automático (sobre c). O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento.”

Vista a cláusula 9.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que contén os criterios avaliábeis mediante xuízo de valor:

“9.1. Enumeración dos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor

As propostas presentadas puntuaranse cun máximo de 49 puntos, de conformidade cos seguintes criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor:

JV = JV.1 + JV.2 + JV.3 + JV.4 + JV.5

JV. Funcionalidade do local, características técnicas, adecuación ao uso previsto e estado do local, ata un máximo de 49 puntos, que se distribuirán do seguinte xeito:

JV.1. Calidade da iluminación natural (0-9 puntos)

JV.2. Sistema de insonorización do local (illamento acústico) (0-10 puntos)

JV.3. Instalación de fontanería e gas (0-10 puntos)

JV.4. Dotación das instalacións eléctricas necesarias (0-10 puntos)

JV.5. Dotación con sistema de ventilación e climatización/calefacción (0-10 puntos)

Todas as instalacións deben cumprir coa normativa vixente.

Para a valoración dos criterios baseados en xuízo de valor, o persoal técnico da Mancomunidade poderase trasladara in situ a cada un dos locais ofertados, a fin de comprobar o estado e as características técnicas que estes reúnen.

Para continuar no proceso selectivo as e os licitadores deberán alcanzar un mínimo do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor (sobre B).”

A continuación procédese á apertura do sobre “B” (Criterios de adxudicación que dependen dun xuízo de valor).

Para a valoración da oferta presentada, a mesa de contratación será asistida por persoal técnico.

A mesa de contratación poderá solicitar antes de formular a proposta, os informes técnicos que considere necesarios e que teñan relación co obxecto do contrato (cláusula 13.2 PCAP).

A MESA DE CONTRATACIÓN, POR UNANIMIDADE, ACORDA:

Remisión da documentación precisa para emisión de informe técnico de valoración das ofertas contidas nos sobres “B”, de acordo co establecido na cláusula 9.1 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

E, para que así conste, expido a presente acta da mesa de contratación que firma o Presidente da mesa e a Secretaria, que certifica. En Cambados, á data da sinatura electrónica.

O PRESIDENTE,
José Ramón García Guinarte

A SECRETARIA,
M^a del Carmen Merino Moína

